



Procedemento:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DA INSTALACIÓN DE  
POSTOS DE VENDA AMBULANTE DE ALIMENTACIÓN NAS FESTAS DE  
SANTA RITA 2026**

Código do  
Procedemento:  
**15002**

Documento:  
**DECLARACIÓN  
RESPONSABLE**

### 1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	Nº		LETRA	ESC	PISO	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	LOCALIDADE	PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PROVINCIA				CONCELLO			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

### 2. OU NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en Dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF		
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	Nº		LETRA	ESC	PISO	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	LOCALIDADE	PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PROVINCIA				CONCELLO			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

### ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Notifíquese á:  **Persoa solicitante**  **Persoa ou entidade representante**

No suposto de non indicar a persoa a quen notificar, a notificación practicarase no enderezo da persoa solicitante.

**ELECTRÓNICA:** A través da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (<https://sede.vilagarcia.gal>)

**POSTAL:** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do solicitante)

**As persoas xurídicas están OBRIGADAS** a relacionarse a través dos medios electrónicos coa administración, polo que non é preciso que cubran este espazo. Estes datos terán efecto unicamente no expediente asociado a esta **SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE (15002)**

### 3. AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DOS DATOS PERSOAIS

Autorizo expresamente a comprobación, consulta e obtención telemática dos datos referidos a esta solicitude segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**AUTORIZO**  **NON AUTORIZO**



#### 4. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

<b>Responsable do tratamento</b>	Concello de Vilagarcía de Arousa
<b>Finalidades do tratamento</b>	Xestión do procedemento e actuacións administrativas
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	O exercicio de potestades públicas segundo a normativa aplicable detallada no rexistro de Tratamento e de uso histórico, estatístico e científico (Sede Electrónica/transparencia/Protección de Datos/Rexistro de Actividades Tratamento)
<b>Destinatarios dos datos</b>	Administracións públicas e segundo o Rexistro de Tratamento
<b>Exercicio de dereitos</b>	Acceder, rectificar e suprimir os datos, ou calquera outro dereito recoñecido no Regulamento UE Xeral de Protección de Datos e a Lei orgánica 3/2018
<b>Contacto delegado/a de protección de datos e máis información</b>	<a href="https://sede.vilagarcia.gal">https://sede.vilagarcia.gal</a> ou <a href="mailto:dpd@vilagarcia.gal">dpd@vilagarcia.gal</a>

#### 5. DECLARACIÓN RESPONSABLE

*Manifesto que, son maior de idade e titular do posto de venda de alimentación descrito nesta solicitude, para o cal solicito o permiso para a súa instalación e funcionamento durante as festas de SANTA RITA 2026, que se celebrarán desde o 15 ao 24 de maio no espazo disposto polo Concello de Vilagarcía de Arousa. Por isto realizo a seguinte:*

##### **- DECLARACIÓN RESPONSABLE -**

- 1. Que dispoño da documentación administrativa e técnica, completa e actualizada, que acredita o cumprimento de todo os requisitos establecidos na normativa vixente e a requirida polo Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio da actividade solicitada.*
- 2. Que autorizo ás autoridades municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa a comprobación da veracidade da información e documentación que sexa precisa, así como á colaboración para facilitar toda aquela que se me requira.*
- 3. Que toda a documentación e datos achegados son fiables, correctos e en vigor durante o período acordado de duración da actividade solicitada.*
- 4. Que coñezo, acepto e cumprirei as condicións establecidas polo Concello de Vilagarcía de Arousa e a normativa autonómica correspondente para a participación nas festas, en especial as relativas a horarios, emisións sonoras, localización, hixiene, xestión de residuos, consumo eléctrico e convivencia veciñal.*
- 5. Que coñezo, acepto e cumprirei coa normativa autonómica e municipal en termos de protección, emerxencia e seguridade que sexan de aplicación ao exercicio da actividade solicitante, como é o caso da protección contra incendios.*
- 6. Que estou ao corrente das miñas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Vilagarcía de Arousa, das cales porto os certificados actualizados.*

##### **Disposicións específicas**

- 7. Que son coñecedor/a do establecido no Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG n.º 13 do xoves 19 de xaneiro de 2023) e demais lexislación vixente que afecten ao exercicio da actividade.*
- 8. Que son coñecedor/a e cumpro co establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG núm. 249 do 29 de decembro de 2010) e demais lexislacións e disposicións vixentes que afecten ao exercicio da actividade, tanto en materia sanitaria como de seguridade alimentaria.*
- 9. Que o posto de alimentación obxecto desta solicitude e declaración responsable, se atopa nas condicións óptimas esixidas de hixiene e seguridade (ventilación, auga potable, xestión de residuos e protección fronte a contaminación, etc.) e que conta cos medios necesarios para garantir a seguridade alimentaria dos produtos ofertados, tal e como se especifica na normativa vixente.*
- 10. Que son posuidor/a da titulación, cualificación ou coñecementos necesarios que me habilitan para o exercicio desta actividade, facéndome responsable e garantindo a estabilidade da montaxe da instalación, así como do correcto funcionamento e das condicións de seguridade do posto de venda de alimentación.*
- 11. Que todo o persoal encargado da manipulación de alimentos posúe a formación axeitada e actualizada en hixiene e seguridade alimentaria, conforme a normativa vixente, e conta co certificado de manipulador/a de alimentos.*
- 12. Que me comprometo a montar, desmontar e retirar completamente o posto de alimentación, deixando o espazo ocupado en idéntico estado no que se atopaba, nos prazos expostos na solicitude pola organización municipal.*

**ASINO AO FINAL DESTE DOCUMENTO DE SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE**



## 6. DATOS TÉCNICOS DO POSTO DE VENDA


<b>Nome do posto de venda</b>					
<b>Tipoloxía de posto</b>	<input type="checkbox"/> Remolque (sen motor) <input type="checkbox"/> Vehículo adaptado con motor-Food-Truck	<input type="checkbox"/> Algodón de azucre ou similares <input type="checkbox"/> Garapiñadas ou similares	<input type="checkbox"/> Carpa con mostrador ou similar <input type="checkbox"/> Outras		
<b>Produtos de alimentación principais á venda</b>					
<b>Solicita poñer mesas?</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> 1 e 2 cadeiras <input type="checkbox"/> 2 e 4 cadeiras	<b>Nº mesas exteriores*</b> (máximo 2 mesas e 2 cadeiras por mesa)		
<b>Data chegada prevista*</b>			<b>Data saída prevista*</b>		
<b>Que tipo de enerxía usa o posto</b>	<input type="checkbox"/> Eléctrica <input type="checkbox"/> Gas (Bombonas) <input type="checkbox"/> Ambas <input type="checkbox"/> Outras (especificar):.....				
<b>Medidas totais da instalación (en metros)</b>	<b>FRONTE:</b>		<b>FONDO:</b>		<b>ALTO:</b>
<b>Usa música?</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	<b>Usará a zona de caravanas?</b>		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	



## 7. RELACIÓN DO PERSOAL DO POSTO DE VENDA DE ALIMENTACIÓN

<i>Traballador/a principal (nome e apelidos)</i>		NIF	
	<i>Móbil de contacto:</i>		
<i>Traballador/a 1</i>		NIF	
<i>Traballador/a 2</i>		NIF	
<i>Traballador/a 3</i>		NIF	
<i>Traballador/a 4</i>		NIF	

## 8. LOCALIZACIÓN NO PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ



\* Marca a zona da TIR que corresponda á localización “tradicional” da súa atracción na **Festa de Santa Rita 2025** (o ano pasado)

- ZONA A    ZONA B    ZONA C    ZONA D  
 ZONA E    ZONA F    ZONA G    ZONA H  
 ZONA I

Á **dereita** do seu posto de venda estaba o posto:

Á **esquerda** do seu posto de venda estaba o posto:

## 9. DOCUMENTOS OBRIGATORIOS QUE SE ACHEGAN

### -DOCUMENTACIÓN XERAL-

- (1) NIF da persoa titular da atracción.
- (2) Certificado POSITIVO en vigor de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- (3) Certificado POSITIVO en vigor de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- (4) Certificado POSITIVO en vigor de estar ao corrente coas obrigas de Seguridade Social.
- (5) Informe POSITIVO en vigor de non ter obrigas co Concello de Vilagarcía de Arousa.
- (6) Informe da Tesourería Xeral da Seguridade Social da alta laboral de todas as persoas traballadoras da atracción.
- (7) Certificado en vigor de situación da alta no censo de Actividades Económicas (IAE) da AEAT.
- (8) Certificado en vigor da ausencia de delitos de natureza sexual das persoas traballadoras que operan na atracción.
- (9) Xustificante do pagamento do último recibo de autónomos, de ser o caso.

### -DOCUMENTACIÓN TÉCNICA-

- (1) Certificado de Manipulador/a de alimentos, de todo o persoal que traballe no posto de venda.
- (2) No caso dos vehículos con motor: ITV, permiso de circulación e seguro do vehículo e a documentación que habilite para exercer a actividade.
- (3) No caso dos remolques (sen motor), a documentación que habilite para exercer a actividade.
- (4) Póliza completa do seguro de responsabilidade civil\* deste posto de venda de alimentación.
- (5) Xustificante bancario do pago do seguro de responsabilidade civil\*.
- (6) Certificado en vigor da instalación eléctrica de baixa tensión.
- (7) Certificado de revisión dos extintores apropiados para esa actividade, actualizado.

\* A póliza do seguro de responsabilidade civil deberá ter unha **cobertura mínima de 150.000,00 € completa** durante o período de actividade do posto de venda ambulante de alimentación **Santa Rita 2026**.

- Todos os documentos deberán estar vixentes en todo o período da solicitude e do funcionamento do posto.

- Só se aceptará a documentación que se presente en formato PDF e a través do Rexistro Municipal.

## 10. NORMAS MUNICIPAIS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS SOLICITANTES E/OU TITULARES DOS POSTOS DE VENDA DE ALIMENTACIÓN NAS FESTAS DE SANTA RITA 26

1. Os postos de venda unicamente poderán estar en funcionamento na zona destinada para iso no **PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ** dende o día 15 ao 24 de maio de 2026 (ambos os dous días inclusive). Os días de montaxe dos postos serán dende o martes 12 ao xoves 14 e a desmontaxe o luns 25 de maio de 2026.
2. Con carácter previo á instalación do posto deberán presentar debidamente cuberta a correspondente solicitude e declaración responsable (15002), así como a documentación solicitada vixente e actualizada, no prazo establecido.
3. Facilitarase en todo momento o traballo do Concello para as revisións necesarias e terase sempre a documentación a disposición.
4. O posto de venda non poderá abrirse ao público sen a autorización expresa do Concello.
5. Queda prohibida a cesión do espazo solicitado a calquera outro posto de venda non autorizado.
6. Non se poderá poñer ningún tipo de posto de venda (alimentación, máquinas de *vending*, ...) na área TIR.
7. Manteranse en todo momento as medidas de seguridade e protección das persoas usuarias do posto de venda.
8. Respetaranse os horarios, especialmente **o horario sen RUÍDO, que será de 18:00 a 19:00 h cada día**, no que se apagará toda a música e efectos sonoros estridentes.
9. Manterase en todo momento a limpeza e recollida de residuos xerados polo posto de venda no seu contorno.
10. O incumprimento destas normas e/ou calquera directriz emanada polo Concello de Vilagarcía pode dar lugar ao cesamento do funcionamento do posto de venda, ao seu desaloxo así como a calquera responsabilidade legal á que dera lugar o incumprimento.

**TODAS AS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN ADXUNTA DEBERÁN REXISTRARSE A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

## 11. PRAZOS DE SOLICITUDE

- O prazo de solicitudes remata o **LUNS 20 de abril de 2026 ás 23:59 h.**
- Só se admitirá **unha instalación por solicitude.**
- Queda convocada a **REUNIÓN DE COORDINACIÓN NO AUDITORIO DE VILAGARCÍA O MARTES 12 DE MAIO ÁS 11:00h.**

## 12. NORMATIVA DE REFERENCIA (A MODO INFORMATIVO)

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- RD 486/1997 do 14 de abril polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e Instrucións Complementarias.
- CTE-DB-SE. Código Técnico da Edificación. Seguridade Estrutural.
- Norma UNE 13814, Maquinaria y Estructuras para Parques y Ferias de Atracciones. Seguridad.
- Norma UNE-EN 14960, Equipos de juego hinchables. Requisitos de seguridad y métodos de ensayo.
- Norma UNE 76601, Maquinaria y Estructuras para Ferias y Parques de Atracciones. Seguridad. Derogada en 2006 por UNE 13814.
- Guía técnica sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo editada polo Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.
- Instrución de Aceiro Estrutural (EAE).
- Código estrutural.
- Instrución 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión.
- Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, créase a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e fíxanse procedementos relativos á seguridade alimentaria.
- Regulamento (CE) nº 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril,
- relativo á hixiene dos produtos alimenticios
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia
- Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios
- Decreto 173/2019, do 26 de decembro, polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios
- Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de comercio ao por menor.

## 13. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS SOLICITANTES

Para resolver calquera dúbida poden comunicarse a través do correo electrónico:

**festas@vilagarcia.gal**

## 14. SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar

Data

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

(Sinatura da persoa solicitante ou representante)

**Sr. Alcalde-Presidente do concello de Vilagarcía de Arousa**